

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE NOVEMBRO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e seis de novembro de dous mil dezaoto, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e tres minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna.Gloria M^a Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: D.Emilio José Sánchez Iglesias.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificacion Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Non adscritas/o: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

Interventora acctal.: Dna.María I. Buján Arias.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE OUTUBRO DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 29 de outubro de 2018.

2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 24.10.2018 a 20.11.2018.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 24 de outubro de 2018 e o 20 de novembro de 2018.

PARTE RESOLUTIVA

3. PROPOSTA DE DIRIXIRSE A ABANCA EN CONTRA DA SUPRESIÓN DA OFICINA DO BARRIO DA ESTACIÓN, DE MONFORTE DE LEMOS.

O Sr. Alcalde retira esta proposta, en base a un escrito presentado polos mesmos veciños que a promoveran.

4. III PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Elaborado o III PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES 2018-2023, deste Concello de Monforte de Lemos,

O Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

APROBAR O III PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES 2018-2023, segundo foi elaborado e presentado a efectos desta aprobación pola Concellería de Igualdade-Centro de Información á Muller, coa asistencia técnica de “SENES Desenvolvemento Comunitario”. O Plan ten as seguintes áreas e obxectivos:

- **ÁREA ESTRATÉXICA 1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NO CONCELLO COMO ORGANIZACIÓN**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 2. COOPERACIÓN E COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 3. PREVENCIÓN E TRATAMENTO DAS VIOLENCIAS DE XÉNERO**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 4. PROMOCIÓN DA IGUALDADE NA PARTICIPACIÓN SOCIAL E O LIDERADO**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 5. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DENDE A EDUCACIÓN**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 6. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DENDE A CONCILIACION E A CORRESPONSABILIDADE**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 7. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DENDE A FORMACION E O EMPREGO**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 8. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DENDE O BENESTAR E A SAÚDE**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 9. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DENDE A CULTURA, O DEPORTE E O LECER**
- **ÁREA ESTRATÉXICA 10. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DENDE O MEDIO AMBIENTE, SERVIZOS E URBANISMO**

OBXECTIVOS XERAIS DO III PIOMH

- Consolidar o compromiso do Concello de Monforte coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Eliminar e/ou corrixir as situacións de desigualdade detectadas na diagnose de xénero.

- Facer partícipes activos no desenvolvemento do III PIOMH a todo o persoal municipal e político.
- Perfilar unha estratexia tanto para a continuidade, para a posta en marcha de medidas que garantan cambios estruturais e permanentes no tempo, promovendo un desenvolvemento social desde os principios de igualdade, solidariedade e xustiza.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Alcanzar unha representación equilibrada de mulleres e de homes en todos os ámbitos e niveis de participación e de toma de decisións
- Posibilitar que o persoal feminino e masculino acade en todas as áreas, categorías, posicións e xerarquías as mesmas oportunidades e o mesmo trato (igualdade efectiva de mulleres e homes)
- Facer da linguaxe e da imaxe estratexias efectivas para avanzar na igualdade entre mulleres e homes
- Promover unha cultura de corresponsabilidade, posibilitando que homes e mulleres asuman similares deberes e obrigas nos escenarios público e privado, nas responsabilidades familiares, no mercado laboral e na toma de decisións
- Previr e impedir que se produzan situacións de acoso sexual e de acoso por razón de sexo no concello
- Promocionar a contratación do sector público e a oferta de bens e servizos, como dispositivos para a promoción da igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Consolidar a transversalidade de xénero (mainstreaming de xénero) na xestión municipal
- Impulsar a prevención e contribuír á eliminación das violencias contra as mulleres, reforzando e mellorando a atención ás vítimas, aos seus fillos e fillas e á poboación de risco
- Impulsar a participación social das mulleres en condicións de igualdade en todas as esferas da sociedade fomentando o exercicio dunha cidadanía activa ao tempo que se potencia o seu liderado
- Impulsar cambios socioculturais que fomenten e consoliden a eliminación dos roles e estereotipos de xénero
- Promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral da cidadanía, fomentando cambios de actitudes favorables á corresponsabilidade de funcións sociais no ámbito doméstico e no coidado de persoas dependentes
- Impulsar a integración laboral das mulleres en condicións de igualdade e fomentar unha cultura laboral máis igualitaria e diversificada
- Promover a mellora da calidade de vida das mulleres, especialmente daquelas que se atopan en situación de vulnerabilidade
- Promover unha participación e valoración igualitaria de mulleres e de homes na cultura, medios de comunicación, ocio e deporte
- Promover a inclusión do principio de igualdade nas políticas medioambientais, de servizos e urbanismo.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Marina Douton Rajo, Concelleira de Igualdade, como portavoz suplente do Grupo Socialista, que agradece a colaboración habida e as achegas a este Plan. E tamén o esforzo sobre todo do persoal do CIM e da empresa SENES. Hai un antes e un despois trala manifestación feminista do 8 de marzo. Houbo total transparencia para elaborar o Plan, incluída a cidadanía. Iniciouse a elaboración o ano pasado, houbo presentación de resultados do II Plan, fixéronse enquisas. En outubro de 2018, houbo unha unha exposición informativa con diagnóstico de xénero. No período de achegas, houbo algunha, como a de Esperta Monforte, sobre medidas que se mirará como encaixalas. De todo iso, resulta o III Plan. É un instrumento ata o ano 2023 contra a desigualdade entre mulleres e homes. O II Plan foi

cumprido nun 77,26% de media, sendo os eixes máis cumpridos o da erradicación da violencia de xénero e o da saúde da muller. Preténdese corrixir a desigualdade, implicando ao persoal e aos políticos do Concello. O Plan propón 10 áreas estratéxicas. Le as áreas que son. Ocupan tódalas áreas da entidade local. Hai uns obxectivos estratéxicos e outros operativos, hai medidas e temporalización.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que van votar a favor. Comentar que non puidemos asistir ás reunións por ser ás 12 da mañá. Que non quede o Plan en declaración de intencións. Que nos impliquemos ao 100%. Cada vez é máis a violencia que padecen as nosas mozas, refírome a todo tipo de violencia: controis telefónicos, dos xeitos de vestir, de ser, de comportarnos. Hai que atallar esa concepción do amor. Fagan fincapé na mocidade.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que pregunta sobre a posibilidade de debater tamén a súa moción sobre a igualdade (di o Alcalde que non parece adecuado). Agradezo a referencia á nosa achega. Imos por suposto votar a favor. O Plan sobre o papel é moi ambicioso. Débese concretar e por iso a nosa moción cara a 2019.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van votar a favor desta iniciativa. Non se favoreceu moito a participación pola hora non conciliadora das reunións. Hai palabras rimbombantes: estratexias, institucións, prevención. A reflexión e se todos facemos o suficiente. Hai moito que facer. Cando vemos tantas mulleres mortas, tantos nenos afectados, é mágoa ver os comportamentos. Imos apoiar por suposto, pero que non quede en declaración de intencións, no propio comportamento corporativo cara ás portavoces, con expresións do Alcalde e do portavoz do Grupo de goberno, o comportamento debe ser sempre respectuoso.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que valoran positivamente o Plan. Incidir en que non quede no aire. Non escatimar en orzamento. Imos votar a favor, como o resto dos Grupos. Ogallá algún día non sexa preciso un plan de igualdade, por terse logrado esta. Está a violencia de xénero na xuventude, algo se fixo mal. Temos a obriga as administracións públicas de reverter esta situación.

De Dna. Marina Douton Rajo, que agradece aos Grupos a colaboración para aprobalo. Sobre a hora, é difícil conciliar á empresa e á xente, pero terémolo en conta. Non creo que quede o Plan en papel mollado. O Plan será obxecto de publicidade e reparto. Dille a Dna. Maribel García que o Plan é importante como para tratarse por separado e non coa moción. Intentamos que a participación fose ampla. A educación é importante, invitamos aos colexios nestas cuestións. Agradecemos a participación en actividades da Concellería de Igualdade.

De Dna. Pilar López Martínez, que repite o de Dna. Julia Rodríguez sobre o trato ás portavoces. Vostede, Dna. Marina, só nomea o voto a favor de D. Emilio José, demasiado interiorizado temos isto.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que fai súas as palabras da anterior interveniente. Son erros aos que nos leva a sociedade. Do que dixo Dna. Julia Rodríguez, fago referencia a ese tratamento, por frases do Sr. Alcalde e de D. Iban Torres. Véxase o que insto no punto 2 do acordo da miña moción. Dille a Dna. Marina Douton que o debate conxunto non era por quitar valor ao Plan, senón por economía de tempos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que reitera o seu voto a favor

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

De Dna. Marina Douton Rajo, que di que o seu agradecemento é para todos, para Emilio José, Julia, Pilar e Maribel. Dille a esta que a moción é importante, pero con tratamento separado do Plan, son cousas diferentes. Levaremos isto entre todos a bo porto.

5. ORZAMENTO XERAL DE 2019 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, TEITO DE GASTO, MASA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas e de que a parte de persoal foi obxecto de Mesa xeral de negociación. O acordo ditaminado ten o seguinte contido:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2019, formado polo Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención de data de 19 de novembro de 2018.

Visto o Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto de data de 19 de novembro de 2018.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2019, que ascende a **12.849.221,06 €**, xunto coas súas Bases de execución, que resumido por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE CONSOLIDACIÓN ORZAMENTO 2019				
GASTOS				
2019	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.435.354,65	264.182,59		4.699.537,24

CAPITULO II	6.487.515,99	19.817,41		6.507.333,40
CAPITULO III	9.578,38			9.578,38
CAPITULO IV	1.032.077,22		284.000,00	748.077,22
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	11.964.526,24	284.000,00	284.000,00	11.964.526,24
CAPITULO VI	619.245,51			619.245,51
CAPITULO VII	226.949,31			226.949,31
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	32.500,00			32.500,00
TOTAL	884.694,82	0,00	0,00	884.694,82
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.849.221,06	284.000,00	284.000,00	12.849.221,06

INGRESOS				
2019	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	5.145.023,42			5.145.023,42
CAPITULO II	100.000,00			100.000,00
CAPITULO III	2.119.257,07			2.119.257,07
CAPITULO IV	5.414.695,33	284.000,00	284.000,00	5.414.695,33
CAPITULO V	64.245,24			64.245,24
TOTAL	12.843.221,06	284.000,00	284.000,00	12.843.221,06
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	12.849.221,06	284.000,00	284.000,00	12.849.221,06

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

TERCEIRO. Aprobar o teito de gasto de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para o exercicio 2019 de acordo cos cálculos da regra de gasto:

LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE FINAL CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS:	2,7%	11.009.817,64
LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE ORGANISMO AUTÓNOMO: I.M.D.	2,7 %	280.113,85

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.047.835,89 €, e do I.M. de Drogodependencias 177.522,55 €

QUINTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2019, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SEXTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

SÉPTIMO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por seis votos a favor (Grupo Socialista), dez votos en contra (Grupos do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e umha abstención (Grupo do BNG), adopta o seguinte

ACORDO

NON APROBAR A PROPOSTA PRESENTADA DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que o Alcalde actúa de forma maquiavélica con este último orzamento do mandato. En 2015, votación de confianza; en 2016, abstención do BNG; en 2017, segunda votación de confianza; en 2018, as contas son máis do mesmo. As prácticas son as mesmas, segue sen contar cos outros, como se tivese maioría absoluta. Se é así con 6 de 17, que fará con máis? Máis prepotencia, máis ditatorial, como no último Pleno saltándose o artigo 92 do ROF. Non respecta aos demais. Cumpriu en 2018 con Esperta Monforte no dos incendios e co BNG no das actividades para a mocidade? Por non falar do bono Concilia de 2017. Cal é o seu proxecto de cidade? Monforte precisa algo máis. Como quedou a estrada de Vilamarín a Vilachá? Iso é unha auténtica vergonza, tirar os cartos, pero como non son seus. Segundo a prensa, un 7% máis en persoal lastra os investimentos. Nada nos sorprende xa do que di. Cómpre saneamento nas parroquias e accións en materia de emprego. Virá Pacadar, como o turrón do Nadal, cada catro anos no ano electoral. Cambie o modus operandi, ten que haber un modelo de futuro e poderemos falar.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que son conscientes de que o seu voto non ten peso. Gustaríanos que fose a favor, pero non pode ser. Os orzamentos foron elaborados sen negociación estando en minoría, iso é prepotencia e non ter sentido democrático. Son uns orzamentos pobres, dun mal administrador, non son os dun proxecto político para Monforte. Non se prevén actuacións. Explica algunhas que serían necesarias. O investimento apenas é o 6% do orzamento. Hai incremento en festas. Vostede dixo –eu dixera 300.000 euros- que as festas patronais custarían 180.000 euros, a realidade foi de 265.000 euros, un desvío do 47%. En contra temos que votar. Ao dos incendios, que dixo Dna. Pilar López, non se lle deu cumprimento. Di o Alcalde que o fixo outra entidade, especifíquenos. Hai unha partida de 5.000 euros para o medio rural, moi xenerosa como se ve.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que o orzamento ascende a 12.849.000 euros. Os ingresos revelan que o diñeiro vén dos impostos directos e do ICIO. Dende este Grupo reiteradamente pedimos bonificacións e a rebaixa do tipo do IBI, no que a presión fiscal aumentou polo maior valor catastral. No ICIO está aquilo de pasar do 30 ao 90% en casos de interese social, tamén por este imposto vai cobrar máis. E máis tamén polas recargas de xuros de mora e de prema, estase facendo mal o cobro en voluntaria. O Alcalde vendeu a débeda cero, pero iso non é así cos datos para 2019. No gasto, si dixo que o de persoal subía o 7%, cando o aumento das retribucións é do 2%. Catro anos levamos sen elaborar a RPT. En bens correntes, o incremento é do 3%. Quedan contratos en situación irregular. O investimento, capítulos 6 e 7, baixa en contía. Que investimentos proxecta? Non hai plan de investimentos, só prevé máis asfaltado, é o único. Este ano foron 950.000 euros para asfalto urbano, outro tanto para o rural, 50.000 euros de publicidade e propaganda e 400.000 euros de alumeadado, pero non de grandes proxectos como é o caso do soterramento. O que fixo foi asfaltar, cambiar bombillas, é iso traballo dun ano?

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o primeiro punto é a importancia que pode ter un concelleiro, quen lles fala do BNG. O segundo, que recibido o orzamento unha semana antes, o tempo foi escaso para valoralo. Boto en falta, en terceiro lugar, a falta de negociación, tendo en conta que o Alcalde está en minoría –o goberno de España negocia, o da Xunta impón-. Son orzamentos continuístas, coa contía para desenvolvemento rural que dixo Esperta Monforte. Xa que non houbo negociación previa, traemos emendas nun exercicio de responsabilidade.

(Son as seguintes, repartidas ao inicio da sesión:

EMENDA Nº 1

“Na partida de inversións se inclúa a obra de acondicionamento e adaptación da rúa Doutor Casares, xa aprobada no pleno do pasado mes de setembro.”

EMENDA Nº 2

“Que se destine unha partida para impulsar a creación duns roteiros pola cidade, adicados a personaxes destacados de Monforte.”).

En función do que se acepte, diremos o noso voto nun exercicio de responsabilidade e sabendo o valor que ten un concelleiro nesta cámara.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que cumpren o compromiso ao respecto, traendo o cuarto orzamento en tempo en forma, deixando atrás outros modos de facer. Sabiamos o difícil que é que se aprobe, porque hai un mes votaron en contra da conxelación de taxas, do IPC para os contratos e de reducir a do cemiterio, pero cumprimos o noso compromiso. Serán vostedes quen teñan que explicar o malos que son os orzamentos. Son continuístas, claro, Sr. Emilio José, son os nosos. Nos últimos 24 anos, en ningún mandato completo, foron os orzamentos presentados en tempo e forma. É a primeira vez en moitos anos que non se vai pedir ningún crédito bancario; para acabar coa débeda, unha cousa é a previsión técnica e outra a vontade de ter débeda cero. Hai 120.000 euros de subida en axuda a domicilio. Un 28% máis en axudas de emerxencia. Soben 140.000 euros os servizos sociais. O principal obxectivo son as persoas, iso tñiao oído, pero non había estas cantidades. Sobre os

gastos de persoal, está gravado o que dixen: son 280.000 euros máis, a subida de retribucións foi do 1,75% en 2018 e será do 2% en 2019. Está tamén a partida para a segunda actividade, non é que vaian subir as retribucións o 7%. Dille a Dna. Maribel García que as festas patronais custaron 180.000 euros, o que pasa é que confunde as festas con tódalas actividades do verán; mire as orquestras e as actuacións, non multiplique as cousas. En Deportes subimos o dos clubs, prevemos os xogos do Eixo Atlántico en Braga e melloras nas instalacións. En Cultura, está a Feira Medieval e os instrumentos para o conservatorio.

De Dna. Pilar López Martínez, que se refire ao que dixo al Alcalde que xa sabía de antemán do non, por ter sido así hai uns mes coas ordenanzas. Dixémoslle por que. Que baixase o IBI, que é unha cuestión política, pero como non quere, explique por que non se poderá estar un pouco mellor a fin de mes. Que bonifícase o ICIO, decisión tamén política de vostede, xa non lle digo do seu Grupo. Orzamento continuísta, podía ser un pouco máis listo e modificar o seu modus operandi. Poderá presumir de traer os orzamentos, pero sen negociar, podía mirar como fai o Presidente do Goberno. Representa a un terzo dos votantes e é incapaz de contar con outro terzo. Non lle dixen que o salario subise o 7%, díxenlle a *jeta* que tiña sendo sindicalista para dicir que iso lastra os investimentos. Sexa un pouco máis humilde se quere telos en tempo e forma. (Dille o Sr. Alcalde que cando se di para todos non insultar, resulta que vostede pásase co de *jeta*. Eu teño un terzo, vale, pero vostede non representa a ninguén, en votos –os seus son do BNG- represéntase a si mesma).

De Dna. Maribel García Díaz, que di que os veciños de Santo Domingo téñense queixado, o importante é que as obras estean ben feitas. Sobre que son 180.000 euros o das festas, o informe de Intervención achega unha relación de facturas relacionadas coas festas que suma 268.450,23 €. 180.000 euros é de actuacións. Enumera algunhas facturas e conceptos. En publicidade son 50.205,07 € e aínda faltan facturas. Non concordo en que o importante sexa que veñan en tempo; se son bos os orzamentos, valen aínda en xaneiro.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o Alcalde está satisfeito con ser continuísta. Eu non, catro anos sen innovar non é para estar orgulloso. E non veñen en tempo, iso é antes do 15 de outubro. Sobre préstamos, acaba de formalizar un. Cre que iso que dixo de deporte e cultura é o importante? Onde queda o emprego? Confórmase co traballo eventual dos convenios? Que estímulo produtivos hai? Sempre vota en contra de iniciativas para iso. O BNG trae dúas emendas, pero o Alcalde non cumpre os acordos plenarios. Que pasa coa praia fluvial? E co Camiño de Inverno? Está o esnaquizamento do castro de Chavaga, hai unha pregunta deste Grupo sobre iso. De que está orgulloso? De ser continuísta en asfalto? É unha falta de respecto o que dixo de Dna. Pilar López e os outros non adscritos, representan que son catro concelleiros. (Dille o Alcalde que mire o que di a lei sobre os non adscritos).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que se deberían debater os orzamentos municipais. Cada un defenderá o seu voto e estamos indo a cousas que enturban o asunto. Eu estaba disposto a un Pleno extraordinario en decembro, polo importante que é o orzamento, o resto son declaracións de intencións. Gustaríame que dixese se van arriba as emendas, é o que un concelleiro pode aportar.

Do Sr. Alcalde, que di que se reduciu ao mínimo necesario o gasto corrente para atender outras áreas. O asfalto necesitábase, miren como estaban as vías e como van estando. Tamén actuamos en saneamento, en cultura, en atención ás persoas, outra cousa é que non o queiran ver. Pensaba pedir un exercicio de responsabilidade. Realizan unha oposición permanentemente negativa. Iso prexudica a

Monforte. Alá vostedes. Prexudican o tecido social, a asociacións e a clubs. Se os veciños e veciñas de Monforte confían para que sigamos, en xullo haberá un orzamento para que non perdan as axudas e cobren no 2019. Dille ao portavoz do BNG que aínda que o seu voto non é suficiente, estudarán con cariño o que propón; nos roteiros coincidimos, hai un funcionario traballando niso. Dille á portavoz de Esperta Monforte, sobre a publicidade, que haberá que promocionar as cousas, igual que fan tódolos Concellos. Somos continuistas para mellorar. O ICIO xa está no 95%, se se crea emprego. A RPT leva pendente moito máis de catro anos, temos un compromiso para o futuro.

6. MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO ORZAMENTO DE 2018 VIXENTE, PARA FACER EFECTIVO O PASE DUN POLICÍA LOCAL A SEGUNDA ACTIVIDADE.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas e de que tamén foi obxecto de Mesa xeral de negociación. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“ANTECEDENTES:

O día 01/03/2018 aprobouse definitivamente o orzamento para o 2018 en cuxo expediente se inclúe o CADRO DE PERSOAL DE FUNCIONARIOS PARA 2018. Dentro deste recóllense no programa de gasto 132 – POLICIA, 17 prazas de axentes, dos cales 2 se atopan en situación de segunda actividade.

Solicitude o 05/04/2018 de pase a segunda actividade por diminución de aptitudes psicofísicas dun axente de policía local.

O día 13/04/2018 tendo en conta o previsto no artigo 79 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, iníciase o expediente par a determinación da procedencia ou non do pase á segunda actividade do interesado.

O 07/05/2018, recíbese notificación do Ministerio de Emprego e Seguridade Social da proposta de recoñecemento de pensión de incapacidade permanente no grao de total do dito axente de policía local, e o 22/05/2018 recíbese notificación do Ministerio de Emprego e Seguridade Social do recoñecemento de pensión de incapacidade permanente no grao de total do dito axente de policía local con efectos dende o 10/05/2018 e de que a partir do 25/04/2021 se podería instar a revisión por agravación ou melloría da incapacidade.

Por parte deste concello procédese a dar de baixa a este empregado público por pase a situación de pensionista con efectos do día 09/05/2018.

Unha vez feitos os trámites oportunos e en cumprimento do Decreto de Alcaldía se convoca o Tribunal médico para avaliar as condicións psicofísicas do axente para o día 11/10/2018.

Reunido o tribunal médico ditamina que o interesado estaría capacitado para a realización das actividades características dunha segunda actividade da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 22 de outubro de 2018 en base ó anterior acorda:

PRIMEIRO: resolver o expediente incoado por solicitude da persoa interesada para determinar se D. Ramón Rodríguez Arias, Policía Local do Concello de Monforte de Lemos, está nas circunstancias precisas para pasar a segunda actividade no Corpo de Policía Local por diminución das aptitudes psicofísicas, en sentido favorable ao pretendido pola interesado.

SEGUNDO: realizar os trámites necesarios para que sexa efectivo o pase á segunda actividade que resulta do punto primeiro do dito acordo.

Por todo o anterior, e visto que se aproba readmitir o traballador en segunda actividade atendendo as funcións aprobadas no Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2014 CATÁLOGO DE POSTOS DE SEGUNDA ACTIVIDADE NA POLICÍA LOCAL, faise preciso que se cree unha nova praza vacante por pase a segunda actividade.

LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN:

Primeiro: a segunda actividade dos funcionarios da Policía local, atopan a súa regulación na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia (LCPL) e no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, textos que indican os casos nos que proceden, os requisitos esixidos e o procedemento para a súa concesión.

Deste xeito, o artigo 62 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais (LCPL) define á segunda actividade como unha situación administrativa especial que ten como obxecto garantir unha adecuada aptitude psicofísica dos integrantes dos corpos da Policía local de Galicia en tanto permanezan en servizo activo, asegurando a eficacia do servizo.

O artigo 63 da LCPL establece que so poderá pasarse á segunda actividade por cumprimento das idades que se determinan para cada escala, por diminución das condicións psicofísicas para o desempeño da función policial ou por embarazo ou lactación e que, no suposto de que se realice este pase, se permanecerá nesta situación ata a xubilación ou o pase a outra situación que non poderá ser a de servizo activo, salvo que a causa do pase fose por embarazo, lactación ou insuficiencia das aptitudes psicofísicas e que tales circunstancias desaparezeran.

O artigo 65 da LCPL establece que por diminución de aptitudes psicofísicas:

“1. Pasarán á situación de segunda actividade, sen a limitación das idades determinadas no artigo anterior, aqueles funcionarios dos corpos da Policía local que teñan diminuídas as aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais necesarias para o desempeño da función policial, ben por incapacidade temporal ou doutro tipo, e sempre que non constitúan causa de incapacidade permanente. Devandito procedemento poderá iniciarse de oficio ou a solicitude do interesado.

2. A avaliación da diminución haberá de ser ditaminada polo tribunal médico a que se refire o artigo 73 da presente Lei.

3. Poderá acordarse, de oficio ou a solicitude do interesado, o reingreso no servizo activo no caso de que desaparecesen as causas que motivaron a diminución de aptitudes físicas, psíquicas ou sensoriais, previo ditame médico.

4. *No caso de que o pase á segunda actividade sexa motivado por accidente laboral ou enfermidade profesional, o funcionario percibirá o cento por cento das retribucións que viña percibindo no momento de producirse o feito causante do referido pase.* “

En todo caso, o pase á segunda actividade non con leva a perda da condición de axente da autoridade, polo que os funcionarios que se atopan nesa situación están suxeitos a idéntico réxime disciplinario e de incompatibilidade que no servizo activo, salvo que desempeñen postos de traballo distintos aos dos corpos de Policía Local, xa que nese caso estarán sometidos ao réxime xeral disciplinario dos funcionarios da Administración local ou ao específico de aplicación ao posto que ocupen. Nesta situación non poderán participar en procedementos de promoción interna ou concursos de traslados, excepto que accederan por causa de embarazo ou lactación (artigo 72 LCPL).

Segundo.- O artigo 69 da LCPL sostén que a situación administrativa de segunda actividade se declarará con indicación de destino. Aos funcionarios que pasen a dita situación se lles asignarán postos de traballo desta natureza, ben dentro do mesmo corpo policial ou ben noutro posto do Concello, que se corresponda coa categoría que se teña, preferentemente na área de seguridade e adecuado a súa experiencia e capacidade.

O artigo 70 engade que o catálogo de postos de traballo de segunda actividade precisará os que poden ser cubertos con persoal nesta situación e deberá ser aprobada coa relación de postos de traballo do Concello.

Terceiro.- O artigo 71 da LCPL prevé que o pase á segunda actividade non suporá diminución das retribucións básicas e complementarias fixas e periódicas. O tempo de permanencia nesta situación é computable a efectos de perfeccionamento de trienios e de dereitos pasivos.

CONSIDERACIÓNS

Con respecto á dotación económica do posto, dado que esta modificación non entrará en vigor ata o exercicio 2019, deberán realizarse os trámites oportunos para a dotación da mesma, ben mediante a inclusión da mesma no orzamento do 2019 ou ben mediante a aprobación da oportuna modificación de crédito no caso de prórroga de orzamento.

Visto o anteriormente exposto, e dado que o Concello non ten aprobada e vixente unha Relación de Postos de Traballo (RPT), o instrumento para a creación da praza de segunda actividade é o CADRO DE PERSOAL incluído no orzamento en vigor.

Polo que se fai necesario modificar o cadro de persoal para ampliar a praza por pase a segunda actividade de Don Ramón Rodríguez Arias segundo o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 22 de outubro de 2018.

En virtude do anteriormente exposto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación do cadro de persoal incluíndo outra praza de policía de vacante por pase a segunda actividade de Don Ramón Rodríguez Arias.

Segundo: realizarse os trámites oportunos para a dotación económica desta nova praza mediante a inclusión da mesma no orzamento do 2019 ou ben mediante a aprobación da oportuna modificación de crédito no caso de prórroga de orzamento.

Terceiro: Expor ó público a modificación do cadro de persoal do Orzamento do exercicio 2018, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados, de non presentarse reclamacións a modificación entenderase definitivamente aprobada.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que anuncia o voto a favor. Dille a Dna. Maribel García que a pancarta de “grazas pola oportunidade” tamén estará nas facturas das festas. Dille ao Sr. Alcalde que cando el di que só se representan a si mesmos, debe saber que seguen sendo representantes dos cidadáns e por iso consérvase a acta. Ofende aos cidadáns que representamos, lea sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional. Respecte aos cidadáns, xa que a min non o fai. Se vostede non coñece nin o artigo 92 do ROF, que imos pensar que vai saber do Tribunal Supremo e do Constitucional? Igual ten algo que dicir sobre que non vaíamos ao programa da radio “a oposición responde”. Recordo que vostede tiña unha fórmula máxica fronte ao anterior Alcalde para as subvencións co orzamento prorrogado. Demostre o que dicía na Corporación anterior.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que sobre o asunto do que se trata, a favor. Sobre o prexuízo que facemos aos cidadáns ao non aprobar o orzamento, a non adscrita acaba de dicir o da fórmula máxica, pero faga desviacións de crédito e contará co noso apoio. Sobre os non adscritos, confunde non ter grupo municipal con non ser representantes. Pregúntelle ao Secretario, pero na sesión anterior non deixou que falara.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que se cre o Alcalde que para non prexudicar, ten que haber orzamento, por que non fai algún exercicio de consenso? Fágao se está tan preocupado, por certo a partida dos comerciantes deixa que desexar. Dille a D. Emilio José Sánchez sobre que non sexan vinculantes os acordos, que o que pasa é que non se respecta o que acordamos, a cousa vai de respectar á Corporación. Xa me dixo un veciño, non leves nada ao Pleno, porque entón non se acepta. Vivimos no mundo de Tomé. A min preocúpame a cidade, outra vez máis asfalto, non a estimulación da economía. Vostede é quen realmente está prexudicando a Monforte.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que non vai contestar a alusións. Tamén nós tratamos coa xente. Sobre o orzamento, actuamos segundo a nosa maneira. Deberíamos cinguirnos aos asuntos. Neste, o máis aconsellable é votar a favor.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que o respecto empeza por cinguirse aos asuntos da orde do día. Sobre un proxecto de cidade, cantos Plans deixaron vostedes aprobados? De que me está a falar? Dille a Dna. Pilar López que pode estar nerviosa, pero que non o culpe a el dos seus males. Vostedes están a título individual; se non fose o que

acordamos, terían un minuto e medio cada un. Eu non teño ese poder cos medios como vostedes, que si o usaron para que eu non fose candidato. Non é esa a miña escola.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que neste asunto xa anunciou o voto a favor, pero que se atenda tamén tódalas solicitudes por igual e a tódolos traballadores. Por tanto, estamos tamén a favor doutras resolución que se deben tomar. Por defender os intereses de Monforte, aliámonos aínda que sexa co demo, vostede aliouse con algún personaxe por meter mesmo a alguén entre reixas.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non imos ben se se segue nesta liña. Vostede segue sen recoñecer que non é o mesmo non ter grupo que non ter representación.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que están a favor, pero tódolos traballadores teñen dereito ao mesmo tratamento, hai que ser ecuánimes. Non hai falta de respecto porque tratemos outros temas, vostede fíxoo cando estaba na oposición.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que agradece o apoio. Dille a Dna Pilar López que non sabe de que lle fala. Non consigo interpretala.

7. INTERPRETACIÓN PARA CORRECCIÓN DE OMISIÓN NO ARTIGO 47 DO PREGO DE CONDICIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Visto o informe de Secretaría do 19/11/2018 en relación con este asunto, e cos argumentos que nel constan,

(O informe de Secretaría di o seguinte:

1º.- ANTECEDENTES.

O Pleno municipal, en sesión celebrada o 24 de setembro de 2018, acordou anular o punto Primeiro do acordo de corrección de omisións e erros do artigo 47 do prego de condicións do contrato con Aqualia, e retrotraer o expediente en canto a iso, danto trámite de audiencia á empresa por prazo de quince días dende que se lle notificase o acordo.

O acordo que se anulaba, do Pleno do 25 de xuño de 2018, dicía o seguinte: *As infraccións de carácter grave c), n), ñ) e o) do apartado 2 do artigo 47 do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga, serán sancionables tras este acordo coa contía mínima prevista no apartado 4 de dito artigo 47: 4.143,72 € trala posta ao día -referida a xullo de 2017- de dita contía.*

Tendo en conta que o acordo foi notificado o 1 de outubro de 2018, o prazo de audiencia remataba o 23 de dito mes, polo que ao presentar a empresa Aqualia o seu escrito de alegacións o 25 de outubro, fíxoo fóra de prazo. En calquera caso, reproduce cousas que xa dixera no seu recurso contra o acordo do 25/06/2018, en cuxo fondo non se entrou ao aceptarse o que incluía nese recurso sobre carencia do trámite de audiencia. Parece razoable á hora de decidir de novo sobre o asunto, examinar os argumentos da empresa.

2º.- ANÁLISE DOS ARGUMENTOS DE AQUALIA.

A) Vontade do órgano de contratación de deixar sen sanción diversas infraccións tipificadas.

A pregunta será entón que obxecto tiña tipificalas. Respecto á do apartado c) do artigo 47, aínda se podería pensar que como aparece no artigo 48 que se refire ao secuestro e rescate da concesión, só se tería en conta para iso, o que non deixa de ser un tanto absurdo vista a forma na que se estruturan e regulan os artigos 47 e 48. Pero ese argumento non valería para os apartados n), ñ) e o), que ao poñelos sen sanción, segundo o criterio que alega a empresa, servirían para dicirlle a esta, sobre esas infraccións, non se preocupe, que non lle vai pasar nada.

B) Interpretación do contrato pola administración contratante.

Neste caso, polo Concello de Monforte de Lemos, por mor do artigo 46 do prego de condicións, ademais do previsto na normativa contractual. A interpretación que se fixo no acordo que foi recorrido, e despois anulado para retrotraelo a trámite de audiencia, ten a lóxica e prudencia de corrixir unha omisión evidente, coa menor contía das previstas para as infraccións graves, cando a do apartado c) ten a entidade suficiente para pensar que debeu ser omitida entre algunha outra de maior contía sancionadora, pero ao non poder determinarse cal sería, é polo que se opta por algo que resulta incontestable: a omisión habida ten cando menos que referirse á contía mínima prevista para as infraccións de carácter grave.

3º.- CONCLUSIÓN.

Do exposto resulta, a xuízo de quen subscribe, que procede adoptar de novo o acordo xa adoptado no Pleno do 25 de xuño de 2018, que foi anulado no Pleno do 24 de setembro de 2018, para retrotraelo a trámite de audiencia.

A Corporación municipal decidirá o máis conveniente para os intereses municipais.”)

O Pleno, por once votos a favor (Grupos Socialista e do BNG e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupos do PP e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

ACORDO

As infraccións de carácter grave c), n), ñ) e o) do apartado 2 do artigo 47 do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga, serán sancionables tras este acordo coa contía mínima prevista no apartado 4 de dito artigo 47: 4.143,72 € trala posta ao día -referida a xullo de 2017- de dita contía.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que por coherencia co votado en xuño de 2018, a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que está a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que cre que o Secretario é un bo técnico xurídico, pero hai que ver algunhas cuestións que aquí trae. Nunca se fixo un expediente sancionador. O primeiro ía ser tras estar tres días sen auga. Ao quere-lo aplicar, aparece unha infracción sen sanción económica. Non se pode modificar iso, si interpretalo; cando o trouxeron ben, abstivémonos porque o do artigo 47.c) aparecía no artigo 48 para secuestro ou resolución do contrato. Por que se pon o mínimo de sanción? Como se fai compatible a resolución contractual e a sanción pecuniaria? Todo isto é surrealista. Están dándolle armas á concesionaria. Dígolle o mesmo que en xuño deste ano: sobre estas cousas estrañas, ímonos abster.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia a intervir nesta quenda).

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que agradece aos que votan a favor. Dille a Dna. Julia Rodríguez que o equipo de goberno é responsable, as propostas asínaas o Alcalde. Os técnicos son moi bos, vostede dubídao, informan segundo mellor estiman en dereito. Fíome máis dos técnicos municipais que de vostede. Se non o quere entender, que lle vou facer.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que poden estar en parte de acordo co dito por Dna. Julia Rodríguez, pero actúan por coherencia e respaldados polo informe do Secretario.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que se o seu voto fose decisivo, sería a favor co informe do Secretario. Pero como non somos xuristas e Dna. Julia Rodríguez ten parte de razón, ímonos abster.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que no Pleno pasado quixo que informase o Secretario e leu o artigo do ROF. Que me está dicindo sobre os técnicos? Eu tamén me fío máis do técnico, pero recordo que dixó que vostede utilizábao. En vostede sí que non confío.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que está a favor de acordo co informe de Secretaría.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle di a Dna. Julia Rodríguez sobre que non confíe nel, se será máis de fiar ela ou el.

8. REQUIRIMENTO A FCC AQUALIA, CONCESIONARIA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, DO CUSTO DE RENOVACIÓN DA REDE NAS RÚAS CORREDOIRA, IRMÁNS DAPENA E JOSÉ DE GARABANTES.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández, Dna. Gloria Prada Rodríguez, Dna. Marina Douton Rajo, D. Iban Torres Rodríguez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Vistos os seguintes informes:

- Da Técnica de Servizos do 16 de novembro de 2018, que remata dicindo que *“as obras realizadas nas rúas Corredoira, Irmáns Dapena e José de Garabantes cumpriron co obxectivo de renovar as instalacións e canalizacións deterioradas e obsoletas e ademais melloraron aspectos relativos á urbanización destas rúas”*.
- Do Técnico de Contratación do 16 de novembro de 2018, do que se considera máis razoable visto o anterior, o punto 1 das súas conclusións sobre asunción pola empresa concesionaria da renovación de redes deterioradas ou avariadas, se ben detraendo en todo caso o que sexa imputable á urbanización das rúas.
- Do Director da Obra do 19 de novembro de 2018, que sobre un orzamento total de 254.141,36 €, asocia á renovación do abastecemento 167.696,97 €.

O Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

ACORDO

Requirir en firme á empresa FCC AQUALIA, concesionaria do servizo, a asunción pola súa parte do custo de renovación da rede de abastecemento nas rúas Corredoira, Irmáns Dapena e José de Garabantes, de Monforte de Lemos, debendo en consecuencia ingresar nas arcas municipais a cantidade de 167.696,97 €.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que xa en abril de 2016, houbo unha moción sobre isto. Había un informe de Intervención. Como estaba aquel pacto, deixouse. Tamén houbo outra moción para que se entregase a obra en bo estado. Agora reclámalle, deixando á marxe a mellora da rúa. O remate final desa obra, penoso non, non teño cualificativo. Os eses das baldosas son alarmantes, pero os cartos non lle saen do seu peto. Se as cousas se fan mal, debería haber unha lexislación que penalice economicamente. Estou a favor deste requirimento e voume fiar dos técnicos. Por que tardou dous anos e pico?

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que dá o parabén e a benvida a este requirimento. Segundo a documentación, a reclamación é de 167.000 euros. Calquera cousa menos humanización pódese chamar como quedou esta obra. Hai plaquetas mal postas e mal está o que hai debaixo delas. Pero por onde empecei: benvido a requirirille a Aqualia.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que xa se lle dixo que fíxese isto durante dous anos e medio. En xullo do 2015, fíxose unha actuación que apoiamos. Pero está o

informe da Interventora de que tiña que ir a cargo de Aqualia. Dous anos nun caixón e agora trae unha proposta de 167.000 euros, porque hai obras de mellora de urbanismo. Isto parece contradicir o inicial que se dixu sobre a obra. Non entendo que fose todo no informe de Intervención e agora só en parte, ímonos abster.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que comparte a alegría de reclamar por fin a Aqualia, a ver en que queda a cousa. Hai unha parte que é claro que é por conta da empresa. Apoiamos esta proposta, independentemente da estética e da calidade das plaquetas. A favor e que sexa a primeira de moitas reclamacións.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que adquiriran un compromiso os veciños do Hospital por un problema coa auga de cinco anos antes, agora xa van tres co problema solucionado. Comprometémonos a traer isto cando estivese completado o expediente. Os informes din que o imputable á renovación do pavimento son 167.696,97 € e esa é a proposta para reclamar. Estamos orgullosos de terlles arranxado o problema aos veciños. O Director de Obra certificouna. Os números son os que dan os técnicos. O informe de Intervención non di o que se di que di. Le do apartado 6 das conclusións do informe: *“Finalmente, quen suscribe considera que con carácter previo á contratación debería incorporarse ao expediente informe técnico relativo a si a obra que se licita pode estar no ámbito do obxecto do contrato de concesión para a xestión da auga potable e depuración suscrito con Aqualia, S.A.”* Creo que é a primeira vez que este Pleno require algo a Aqualia e levamos 17 anos e medio de contrato. Dille a Dna. Julia Rodríguez que se absteña o que queira, pero aí están os informes da Técnica de Servizos, do Técnico de Contratación e do Enxeñeiro. Confío neses informes e xa veremos que di Aqualia e en que acaba todo isto. Tardamos, talvez si, pero está aquí.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que celebran que traia esta proposta. Imos votar a favor, pero non nos gusta o xogo do rato que pilla ao gato. Le do punto 6 das conclusións do informe de Intervención onde o deixou o Alcalde: *“que inclúe o mantemento das conducións como unha das obrigas desta empresa, dado que se trata dunha reposición de conducións previamente existentes, polo tanto sería esta mercantil quen deba executar a obra ou de ser o caso repercutirlle o custe da mesma.”* Onde é que di que non di? Estamos mesturando cousas, porque á empresa si que lle corresponde e podemos debater o importe. É lamentable que non teña requirido á empresa e que consentise como quedou a obra.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que dicir que se chove, non ten influencia nas plaquetas, ata aí chegamos. É unha obra que vostede se atribúe, pero foi porque todos respaldamos esa proposta. Sobre que se o Director de Obra non pon pegas, nada hai que dicir, está que foi nomeado polo equipo de goberno, que pode requirirlle sobre como funciona. Foi vostede quen recibiu a obra, por que?

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que esta obra non cumpre a accesibilidade. Non consideramos xustificado o rebaixe no que se reclama. A Intervención non entendeu que só fose reclamable unha parte. O de sempre, darlle argumentos á empresa. Vostede, dos 17 anos xestionou 8: do 2003 ao 2007 como Tenente de Alcalde e do 2015 ao 2018 como Alcalde. É o primeiro requirimento e pola cantidade agora informada, no que non confiamos á vista do informado por Intervención. Ímonos abster.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que o partido dela firmou o contrato, aínda que non lle guste, e non o fixo cumprir. Nunca me reunín con Aqualia ata que fun Alcalde. Dille a Dna. Pilar López sobre o informe de Intervención, que non é o mesmo *deber* hipotético que *ter que* en firme. É unha boa noticia, requirir por primeira vez en 17 anos.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CON MOTIVO DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Julia Rodríguez Barreira, Dna. Pilar López Martínez e D. Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 11 da orde do día, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Todos os días do ano deberían ser 25 de Novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O Grupo Socialista quere manifestar o seu firme compromiso coas mulleres vítimas deste mal social que debe ser erradicado. E para iso necesitamos o compromiso individual de toda a cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo de toda a sociedade; non un só día, senón todos os días do ano. A violencia machista interpélanos a todos e todas e a nosa obriga é combatela con todos os medios, empezando polas administracións, cada unha desde as súas competencias.

Para o PSOE, garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, as súas fillas/os, é un obxectivo prioritario. Non seremos unha democracia plena mentres existan mulleres ameazadas e inseguras e mentres algunhas destas mulleres acaben asasinadas.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres.

O combate contra a violencia machista e a atención ás vítimas non poderá avanzar se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións han de remar xuntas nese obxectivo, por enriba de formulacións políticas e estratexias. E para que iso sexa posible, hai que dotar ás administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require.

O Congreso e o Senado aprobaron hai un ano as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cun amplo consenso entre todos os grupos políticos.

Desde xuño de 2018, España conta cun novo Goberno. Un goberno feminista comprometido coa igualdade e empeñado en acabar coa violencia de xénero. Das palabras pasouse aos feitos. Do

inmobilismo á acción e puxéronse en funcionamento moitas das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 31 de xullo, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), acordáronse, por unanimidade, os criterios para o reparto dos 100 millóns de euros, correspondentes ás Comunidades e cidades Autónomas, previstos no Pacto de Estado, e distribuíuse o fondo procedente da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, aprobáronse os criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os Concellos.

O 3 de agosto aprobouse un Real Decreto Lei que xa foi convalidado, por unanimidade, no Congreso dos Deputados, que:

Devolve as competencias aos Concellos na promoción da Igualdade e a loita contra a Violencia de Xénero, e establece o reparto dos 20 millóns de euros comprometidos no Pacto, que se dobrarán até 40 millóns no próximo ano. Os Concellos son unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso e, en ocasións, o único que teñen ao seu alcance as vítimas.

Modifica a Lei Integral contra a Violencia de Xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilita o acceso aos recursos de asistencia, ao introducir que a acreditación de situacións de violencia poida realizarse a efectos administrativos mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Desta maneira facilítase o acceso a dereitos laborais e ás prestacións da Seguridade Social.

Modifica o Código Civil para que os menores expostos á Violencia de Xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser un bo pai.

Este Decreto-Lei está a ser tramitado no Congreso dos Deputados como Proxecto de Lei, tal e como expuxo o Goberno, co obxectivo de que se poidan incorporar ao mesmo o resto de medidas do Pacto de Estado que requiren modificacións legais.

Doutra banda, volveuse a pór en funcionamento o Observatorio de Saúde das Mulleres. Tamén se previu solucións habitacionais para mulleres vítimas de Violencia de Xénero dentro do Plan Estatal de Vivenda. E o próximo curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade.

Do mesmo xeito, nestes momentos, está a tramitarse no Congreso dos Deputados a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para reformar a Lei Orgánica do Poder Xudicial, co obxectivo de formar aos xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

Tamén, recentemente, o Congreso dos Deputados admitiu a trámite a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Socialista para garantir a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral.

Pola súa banda, no avance dos Orzamentos para 2019, o Goberno de España comprometeuse a financiar de maneira completa o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e a incrementar esta partida, de forma que os Concellos pasarán a percibir o dobre, é dicir 40 millóns de euros en 2019.

En definitiva, consenso, si, pero responsabilidade e celeridade, tamén. Urgencia, eficacia, lealdade ao Pacto de Estado e ó compromiso político.

Por todo isto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

- 1.- Que o Goberno continúe impulsando as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nos ámbitos: educativo, social, xurídico, económico, de protección, de concienciación e de sensibilización social.
- 2.- Instar ás Cortes Xerais a axilizar todos os cambios lexislativos impulsados polo Goberno para poder aplicar as medidas contidas no Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero o máis axiña posible.
- 3.- Instar ó conxunto dos Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais a tramitar os Orzamentos Xerais de 2019, que suporán un incremento das partidas destinadas ás Comunidades Autónomas e aos Concellos para a loita contra a Violencia de Xénero.
- 4.- Que o Goberno inste ós medios de comunicación a evitar aqueles contidos que transmitan un estereotipo de relacións de parella baseado en comportamentos machistas.
- 5.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, á Vicepresidenta do Goberno e Ministra de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, e ao Presidente da Federación España de Municipios e Provincias (FEMP).”

No debate conxunto deste asunto e o do punto 11 da orde do día, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Marina Douton Rajo, portavoz suplente do Grupo Socialista, que le a moción do seu Grupo deste punto da orde do día.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción do seu Grupo do punto 11 da orde do día.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que comparte máis ou menos o que aquí se está solicitando. Unha vez máis a miña preocupación polo retroceso na mocidade, algo estamos facendo mal. Temos que xuntar os esforzos necesarios. Con que haxa un só caso de muller maltratada ou asasinada, a todos nolo fan.

De Dna. Purificación Argiz Quintas, portavoz suplente do Grupo do PP, que di que a violencia de xénero é cruel e inhumano, independentemente do nivel das persoas que a exercen e a padecen. Eliminala é un reto. Entre todos, temos que buscar solucións eficaces para a protección das vítimas e a

prevención da violencia. O do Plan estatal e o III Plan de Igualdade ten pouca utilidade se non se cumpre e se respecta. Temos mostras do Alcalde e de D.Iban Torres respecto ás portavoces da oposición. Sobre a moción do PSOE, a primeira frase é pouco acertada, porque non debería existir o 25 de novembro. Que instemos ao goberno de España, o que ten é que gobernar. Din que é un goberno feminista, será porque hai máis mulleres que homes, porque de feminista ten pouco e o que ten son as partidas e o diñeiro do orzamento do PP, do que agora se benefician. O punto 1 do acordo di que o Goberno continúe impulsando, temos que acordalo? Sobre o punto 2, das Cortes, correspóndelle facelo ao Goberno. O punto 3 é un chiste, porque o goberno do PSOE non presenta os orzamentos. No punto 4, non sei se se refiren á censura previa. Para dar traslado, punto 5, parece que xa teñen vostedes liña directa. Sobre a moción de Esperta Monforte, de acordo co punto 2 e con algunha cousa da exposición de motivos. Discrepamos sobre a Xunta de Galicia. Están as axudas que o Concello non pide dende 2015, o Alcalde dixo que para non estigmatizar. Non sei se é por iso o traslado de drogodependencias. Vostede, que é crítica coas festas, propón unha romaría, non é a mellor forma. Acepte unha votación por puntos; se non, absterémonos. (Dille o Sr. Alcalde que non lle van a entrar na provocación. Sobre por que instamos ao noso goberno, dígalle a Dna. Julia por que o fai respecto ao goberno galego).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que o seu partido é inconformista co Pacto de setembro de 2017, por insuficiente e ter bastante de papel mollado. O cambio de goberno tampouco nos parece suficiente, non hai partidas orzamentarias e as medidas legais son escasas. Na nosa Lei galega de 2007, era xa máis avanzada a normativa. As competencias dos concellos son importantes, con tarefas de sensibilización, pero tamén debe actuar a Xunta nisto segundo a Lei. O punto 3 da moción do PSOE é un pouco de aproveitado. Na moción de Esperta Monforte, a romaría do punto 1 é algo importante, igual que o era o da rúa 8 de marzo que trouxemos. O punto 2, despois de aprobar por unanimidade o Plan de Igualdade, hai que dalo por feito.

De Dna. Marina Douton Rajo, que lle di a Dna. Purificación Argiz que efectivamente non debería haber 25 de novembro, ogallá chegue o día de celebrar que iso é pasado, pero de momento, só actuamos o 25 de novembro ou de xeito cotián? Estamos gobernando, aínda que teñamos liña directa, instar é de todos. Sen orzamentos, falou o BNG diso, non hai medios económicos, o Concello é o ámbito máis próximo á muller. As subvencións si que se piden, algunha vez non foron solicitadas por cuestións técnicas. O orzamento non é un chiste. A comunicación é importante, non censurar, senón poñer os medios para cambiar, segue por exemplo habendo a imaxe nos catálogos de xoguetes dos “rosas” das nenas.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di a Dna. Purificación Argiz que non acepta a votación por puntos. Que estou en contra dos gastos das festas, ten razón, no que se mente sobre o que se gasta. Se ve a exposición de motivos, aparecen actos lúdicos non sexistas como en Barbadás. Se lle molesta a alusión á Xunta de Galicia, láméntoo, pero remítome á realidade. Entendo as cuestións técnicas que dixo Dna. Marina Douton como problemas de tempo. A romaría pódese entender como xornadas, tendo en conta a exposición de motivos.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que van votar a favor.

De Dna. Purificación Argiz Quintas, que di que agradece a rápida resposta do Alcalde, non foi así no Pleno anterior por aquilo das 24 horas. Agradecería que me tratase como Dna. Purificación ou Sra. Argiz, non con diminutivos. Se a romaría é outra cousa, entón a favor. A favor tamén da moción do

PSOE, aínda non estando de acordo coa exposición de motivos. (Dille o Sr. Alcalde que temos termos coloquiais, igual que un dos seus dixo “Pepa”. Non minta respecto ao do outro día).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que o orzamento de 40 millóns de euros máis, é en España para máis de 8.000 municipios. En Galicia, temos máis entidades de poboación que os outros. Hai un criterio de reparto que nos prexudica. Pero non nos desviemos, hai que combater esta lacra. Voto a favor destas mocións.

De Dna. Marina Douton Rajo, que lle di a Dna. Pilar López que no próximo curso introducirase unha materia sobre violencia de xénero. Espero que non se considere moralizante. É pena non ter orzamentos do Estado e tampouco os nosos. O III Plan de Igualdade é transversal, empregaremos os recursos necesarios. Agradecer o voto a favor desta moción.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que modifica a súa moción, para que onde di no punto 1 dos acordos “unha romaría”, diga “unhas xornadas”.

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA SOBRE O GRAO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DA EMPRESA AQUALIA, A PRESTACIÓN DO SERVIZO E O GRAO DE DETERIORO DAS CONDUCCIÓN DA SÚA RESPONSABILIDADE.

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Emilio José Sánchez Iglesias, Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Marina Douton Rajo).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1.- É sabido que a explotación do servizo público municipal de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, foi obxecto de concesión administrativa, resultando adxudicataria de ambos a empresa Seragua, -hoxe AQUALIA- con arreglo aos pregos de condicións e á oferta da empresa según acordo plenario de 30.4.2001.

2. E sabido que este grupo ten formulado infinidade de iniciativas relacionadas con que se lle esixa a esta concesionaria o cumprimento do contrato ao que ven obrigada a empresa, resultando todas infrutuosas.

Os incumprimentos son de todo tipo.., en materia de localización e eliminación de fugas, en materia de vixianza e control de verquidos, de limpeza de sumidoiros, de execución das melloras que tiña comprometidas, de reparación de avarías etc.

Pero sobre todo, o mais gravoso para todos os veciños ten sido o incumprimento das obrigas establecidas nos arts. 25 e 26, do prego de condicións, cando sinalan: **art. 25: “las obras e instalaciones que reciba el concesionario deben adecuarse en cada momento a las exigencias que implique la correcta**

prestación y gestión del servicio, corriendo a expensas del concesionario cuantos gastos se deriven de dicha adecuación”

E o art. 26.4, cando sinala:”Las obras de mantenimiento y conservación de conducciones e instalaciones, así como las de renovación y/o sustitución de conducciones e instalaciones deterioradas o averiadas serán del cuenta del concesionario”

E evidente que o longo dos anos as conduccións se foron deteriorando e averiando sin que se procedese á renovación e sustitución de conduccións, de maneira que se adecuaran en cada momento as esixencias da correcta prestación e xestión do servizo, como obrigaba o contrato.

De feito cando algunha desas renovacións se ten producido foron financiadas polo concello ou por outras administracións, ou mesmo teñen sido consideradas indebidamente como inversións da concesionaria polo anterior equipo de goberno, pretendendo o actual Alcalde soste esa consideración na proposta de acordo que trouxo a este pleno e que era claramente favorable para a empresa.

Non é a primeira vez que o Concello soporta actuacións que corresponden á concesionaria; así aconteceu coa obra do abastecemento na rúa Corredoira e adxacentes; soportando así cantidades cos recursos de todolos monfortinos, que en realidade deberían ser soportados pola concesionaria, como revela o informe emitido pola intervención municipal no seu día sobre este particular.

3.- A empresa, non so ten incumplido o contrato no que atinxe o mantemento e renovación das conduccións, melloras etc. senón que contou antes e conta agora coa connivencia do equipo de goberno. Así, sendo claros os múltiples incumprimentos, nin o anterior equipo de goberno lle abriu expediente sancionador algún, nin lle dirixiu requerimento, ata que este grupo empezou a presentar iniciativas nese sentido, e mesmo promovimos unha comisión de investigación.

Este equipo de goberno leva tres anos ao fronte do Concello. Expedientes sancionadores: ningún. Reclamación á concesionaria: non. Pola contra, este equipo de goberno ten asumido obras e custes de actuacións que lle correspondería soportar á concesionaria, e mesmo trouxo a este pleno unha proposta de acordo que beneficiaba claramente á empresa, en perxuízo do Concello.

O único expediente sancionador que amagou con incoar, o Alcalde, acabou cunha proposta para modificar o réxime sancionador, que levaría a invalidar calquera expediente sancionador que se lle promovera á empresa, e lonxe de sancionala con arreglo ao que expresamente se detallaba no contrato, - que levaría á resolución do contrato-, a súa actuación quedou impune.

Pero é que este equipo de goberno, sigue na mesma dinámica de non facer nada para esixirlle a esta empresa o cumprimento do seu contrato. Y eso a pesares de que sigue na súa dinámica de incumprimentos sistemáticos.

4.- Non entraremos nesta iniciativa a detallar os múltiples incumprimentos os que xa nos temos referido en tantas ocasións.

Compre, nembargantes, destacar o diferente modo de proceder doutros Concellos fronte aos sucesivos e graves incumprimentos desta mesma empresa, alí onde tamén era concesionaria.

Son moitas as iniciativas que este grupo ten elevado á corporación a fin de que se cuantificara os perxuízos derivados dos incumprimentos de Aqualia dende o ano 2001. Sempre atopamos a oposición do alcalde e o equipo de goberno. E cando se fixo algún informe, nunca foi na liña do que se interesaba senón unha escenificación, sen intención algunha de defensa dos intereses municipais.

O alcalde ven de anunciar que se incrementarán as taxas correspondentes ao servizo de abastecemento e saneamento porque así se recolle no contrato. Nembargantes, non é quen de facer cumprir ese mesmo contrato á empresa Aqualia, ou de formularlle a reclamación procedente.

5.- O cambio no equipo de goberno desta cidade, non ten representado cambio algún na ausencia de esixencia á concesionaria Aqualia, no que atinxe ao cumprimento das suas obrigas. Mais ben dende a inacción do anterior Alcalde pasamos a unha estratexia do Sr. Tomé de querer favorecer á concesionaria.

Primeiro traendo a pleno unha proposta de acordo que claramente favorecía á empresa, despois non abrindo expediente sancionador algún a pesares dos seus incumprimentos; logo, bloqueando calqueira reclamación das obras executadas polo Concello que lle correspondería executar á concesionaria; tamén, gardando nun caixón reclamacións como a das obras da Rúa Corredoira; e permitindo en todo este tempo que a empresa siga sin dar cumprimento ao contrato que a obriga nos seus propios termos.

Por todo o anterior, o Pleno da Corporación, por once votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO:

No exercicio da potestade de vixiar e controlar o cumprimento das obrigas da concesionaria, e o amparo do art. 127 RSCL, a iniciar no prazo dun mes o procedemento de contratación oportuno para encomendar a entidade especializada, a realización de AUDITORIA OPERATIVA da concesión do servizo de abastecemento e saneamento do Concello de Monforte de Lemos, a fin de verificar o grao de cumprimento do contrato administrativo suscrito con Aqualia en virtude de adxudicación plenaria de data 30-4-2001, así como as condicións de prestación do servizo e o estado das instalacións.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica o por que desta moción. Le o artigo 25 do contrato e tamén o 26.4. Explica as circunstancias que concorren. O equipo de goberno sempre vota en contra. Explica o que se pide na moción. Se a Iban Torres lle toca este marrón, virame con que non reclamei os tres millóns e medio de euros. Terán vostedes que explicar por que votan en contra desta moción.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di coincidir coa exposición feita. Grazas á sentenza, a empresa deu marcha atrás do segundo contencioso. Aínda non sabemos as contas exactas da empresa. A favor desta moción.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que é imprescindible e necesario facer a auditoría, a favor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que para todo o que sexa luz a este Pleno, a favor.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que non van colaborar na deriva da propoñente. Está obsesionada coa empresa Aqualia, a pesar de crear o seu partido o problema, e empeñada en cousas extemporáneas. Os técnicos municipais non teñen capacidade para isto. A auditoría ten un custo non previsto no orzamento. Logo direi o sentido do voto.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o contrato é de 2001 e o PP deixou de gobernar en 2003. O contrato é boísimo, a perversión é que non se cumpre. En 18 anos, hai dous do PP e oito do Sr. Tomé. Cando estaba de Tenente de Alcalde na Xunta de Goberno, non se enteraba? En Arteixo, Aqualia indemnizou por unha sentenza de xaneiro ao Concello con 18 millóns de euros, pola perda patrimonial debida á deterioración durante sete anos. Refírese ao acordo que non se adoptou e á sentenza habida. Evitouno esta oposición. Dille ao Sr. Torres que lle toca o de Aqualia. Dixo vostede noutro Pleno que o ían arranxar sen min: a bóla da bruxa Lola.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que o dito do actual Alcalde debería ser que pasaba por alí. Para non levar o tema de Aqualia, moitas obras fixo no tema. (Dille o Sr. Alcalde que confunde lealdade con outras cousas).

De Dna. Maribel García Díaz, que di sobre que a auditoría custa cartos, que se clarifica este tema, os cartos están xustificadas. Aqualia non precisa avogados, temos a vostedes.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que segundo dixo antes, se se fai a luz, é importante.

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Maribel García que faría falta o orzamento que votaron en contra. Dille a Dna. Julia Rodríguez que ten actitudes que van ao bordo da paranoia. O de Aqualia é máis sinxelo que toda esta peroración. Que votou vostede no punto 8? Non me conte de Arteixo, a tres millóns e medio de euros para Monforte dixo que non. Grazas a vostede, iso perdérono os monfortinos de Aqualia. Auditoría, queda bonito o título; a realidade é o que vostede fixo votando en contra. Non defende os intereses de Monforte fronte a Aqualia, máis ben ao revés.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o único fraudulento, é que levan tres anos e medio sen facer nada. No dos tres millóns e medio, o que non contan é que esquecían as melloras. Din que non é cuantificable, como fixo entón Arteixo? Non teño ningunha paranoia, foi vostede quen dixo o que dixo, que o arranxarían sen min. Do Alcalde foi o de que me sentase mal a pulpada. Ireime dignamente defendendo isto de Aqualia. A ver por onde van vostedes, o tempo diranos se na próxima Corporación hai acordo con Aqualia. (Dille o Sr. Alcalde que a pulpada saíu nos periódicos. Non lle teño culpa dos problemas do seu partido).

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA CONVERTER MONFORTE NA CAPITAL DA IGUALDADE 2019.

Esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cunha modificación tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 9 da orde do día, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O pasado 15 de outubro fomos convidados a unha reunión no Salón de actos do Concello para traballar no documento do BORRADOR do “*III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes*” do Concello de Monforte de Lemos, convite ao que asistimos gustosos pois nos parece un tema importante.

Alí tras unha charla explicativa do documento nos solicitaron que fixeramos as achegas que consideráramos oportunas, tendo en conta o 30 de outubro como data límite.

Facendo un esforzo, pois os tempos eran curtos, debatemos dende o noso grupo o que podíamos aportar, remitindo por correo ao CIM a nosa achega; queremos agradecer á concelleira de Igualdade e a todo o persoal que desempeña o seu labor, haber tido en conta a nosa aportación.

A nosa proposta, aínda que sen desenvolvela, trataría a grandes rasgos da organización de xornadas (preferentemente unha fin de semana), de espectáculos e de actividades lúdicas e culturais non sexistas.

Tal como se nos fai saber no correo remitido dende o CIM, este III PIOMH, será aprobado en Pleno.

Esperetamonforte!, non quere que isto sexa un trámite para quedar ben e que figure unicamente nun papel, senón que buscamos facer da nosa proposta un acto relevante para Monforte e todos os seus cidadáns, motivo polo que traemos esta moción, ademais do noso ofrecemento aos traballadores/as do CIM para colaborar en todo o que se nos solicite.

Todos recoñecemos o 8 de Marzo como un día importante para visualizar a importancia da muller no mundo laboral. Foi un éxito sen precedentes, pero se isto non ten continuidade morrerá no esquecemento por moitos nomes de rúas e prazas que se lle outorguen.

Isto soubo velo moi ben a Concelleira de Igualdade do Concello de Barbadás en Ourense. Este Concello de 10.000 habitantes foi quen de converterse na capital da Igualdade 2018, título que lle outorgaron os medios de comunicación de todo Galicia.

Desta forma con traballo e esforzo, conseguiron que toda Galicia buscara no mapa onde estaba Barbadás, e de paso facer deste Concello o 29 de Setembro de 2018 a capital cultural galega, con mesas de debate, poesía, teatro, actuacións musicais, etc. E tamén loxicamente postos de comida e divertimento infantil. En definitiva, vida para o Pobo da que tan faltos estamos no noso Concello.

O CIM está estes días dando a coñecer á cidadanía os actos que levarán a cabo co gallo do 25 de Novembro, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Todo o que se faga neste senso é necesario, pois por moito que digan que en Monforte hai poucas denuncias (oficialmente 30 segundo o comisario xefe) todos sabemos que moitos casos non se denuncian, e en calquera caso nós non nos atreveríamos a cualificar a situación como non preocupante.

Recentemente Monforte viviu varias situacións de violacións, acosos...etc., todas elas preocupantes.

Para non ir máis lonxe, nesta Sala de Plenos é frecuente escoitar intervencións que tranquilamente poderían ser etiquetadas de violencia de xénero. Podemos poñer exemplos: nalgunha ocasión a nosa Portavoz tivo que escoitar como o Alcalde lle chamaba disléxica ou cando en xuño de 2017 o Portavoz

do equipo de Goberno, referíndose ás tres Portavoces da oposición, dixo aquilo de “deberían ser vostedes corridas a gorrazos”.

Estes días, unha vez máis escoitamos como dende a Xunta de Galicia se poñen en marcha medidas para mellorar os efectos da violencia de xénero, e consideramos que é benvido todo o que supoña mellorar, pero a mellor axuda pasa por facer uns presupostos que permitan paliar as necesidades. Os centros de Información a Muller seguen a demandar recursos e un ten a idea de que a Xunta só lembra a violencia de xénero o redor do 25 de Novembro ou do 8 de Marzo.

En Monforte queremos reclamar os recursos necesarios pero tamén poñer en valor os propios, e moitas veces só se precisa sensibilidade e preocupación polo tema.

Por todo o exposto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

1) Instar ao equipo de Goberno a presupostar a partida necesaria para levar a cabo no 2019 unhas xornadas nunha fin de semana coa realización de actividades lúdicas e culturais non sexistas que representen a igualdade de xénero como valor incuestionable da sociedade, co obxectivo de facer de MONFORTE A CAPITAL DA IGUALDADE 2019.

2) Instar a todos/as Concelleiros/as deste Concello a dar exemplo non tendo actitudes sexistas e de menosprezo ás mulleres.”

12. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír a seguinte moción:

A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA QUE O CONCELLO ASUMA AS NECESIDADES SOCIAIS DOS VECIÑOS.

Esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O pasado día 2 de Novembro, tivo lugar en Monforte un Festival Benéfico a cargo da Orquestra Panorama coa colaboración do Concello de Monforte. Este Festival foi anunciado e feito público desde as dependencias do Concello nunha rolda de prensa na que estaban presentes o Alcalde Sr. Tomé, a Tenente Alcalde D^a Gloria Prada e o actual dono da Orquestra, o Sr. Somoza.

Este grupo municipal nunca tivo nada en contra dos actos benéficos, senón mais ben todo o contrario. Xa anunciamos na nosa campaña electoral e así o vimos cumprindo de que donariamos os nosos ingresos a causas sociais, como fixemos en 2015 con Cáritas, ou en 2016 cando donamos 2000 euros para organizar un campamento de verán para alumnos/as do CEE Infanta Elena. Tamén participamos nos anteriores actos organizados polo Concello, excepto neste.

Queremos explicar porqué:

- 1) Este Concello debería ter a suficiente capacidade por sí mesmo para organizar unha recollida de alimentos, así como todas as actividades necesarias para paliar as necesidades dos nosos veciños, e en todo caso, nós estaríamos ahí para colaborar.
- 2) Sabemos pola prensa a cantidade de alimentos que van repartir a Cruz Vermella e Cáritas, pero non sabemos pola contra canto gastou o Concello na infraestrutura necesaria para dita actuación. Ben seguro que si esa mesma cantidade se investira en alimentos poderían *encherse as dispensas destas entidades sen ánimo de lucro*.
- 3) Está claro polo tanto que como acto solidario é dubidoso, e un se pregunta se non será que a Orquestra Panorama e o seu dono teñen que limpar a imaxe?.

Todos lembraremos como no verán de 2014, esta mesma orquestra tentou chantaxear ao Alcalde Severino Rodríguez, querendo facer un amaño do Concurso público das orquestras das festas Patronais. Isto na linguaxe da administración chámase **prevaricar**.

Naquel ano a orquestra Panorama acadara un compromiso verbal co Alcalde Severino Rodríguez para actuar o día 12 de Agosto e se ofrecera a organizar o resto dos festexos. No momento en que Ángel Martínez Pérez “Lito”, o Xerente da orquestra, é coñecedor de que non gañou o concurso, comeza unha manobra de presión ao Alcalde, ofrecéndose para actuar ese mesmo día aos concellos de contorna (Sober, Ferreira, Sarria e Chantada) a un precio moi rebaixado (falábase de 6000 euros, moi inferior aos 18.000 que tiñan apalabrados en Monforte).

Neste punto compre valorar o bo facer dos Alcaldes dos Concellos cos que intentou chantaxear a Monforte. Esta forma de chantaxe e outras similares aínda seguen pendentes de solución xudicial.

Seguro, lembra todo Monforte como desta chantaxe falouse a nivel local e incluso saímos nas televisións nacionais.

Coincide tamén casualmente que o actual dono da orquestra está pendente de resolver problemas xudiciais na súa empresa. Que mellor ocasión de matar tres paxaros dun tiro.

Que unha empresa intente facer estas cousas é absolutamente normal, xa non vemos coa mesma normalidade que o Alcalde coñecedor destes feitos se preste e abra as portas do Concello, porque como xa dixemos este Concello ten suficientes recursos para organizar os actos necesarios.

Por todo o dito, o Pleno, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista), adopta o seguinte

ACORDO

- 1) Instar o equipo de Goberno a facer as reunións precisas coas entidades sociais para elaborar un listado de necesidades.
- 2) Instar o equipo de Goberno a levar a cabo xornadas solidarias e proceder a recollida de alimentos entre os cidadáns en caso de ser precisas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a exposición de motivos da moción, con explicacións adicionais sobre o banco de alimentos e cousas que teñen pasado.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que poden estar de acordo. Eu padecín o episodio desta orquestra. Anunciarlle o noso voto a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que hai dúas cousas. Unha, o que se insta. Ningunha obxección á petición que formula. Non compartimos tanto toda a exposición sobre ese acto solidario. Non imos cuestionar accións así, o único que pedimos é transparencia. Os episodios co anterior equipo de goberno non ten que ver co que aquí se formula. A favor, sen compartir o ton da exposición de motivos.

(Di o Sr. Alcalde que saiba todo o mundo que nunha reunión coa Cruz Vermella e con Cáritas, preguntóuselles se lles parecía ben e foron eles os que dixeron que para adiante).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que coincide con Dna. Julia Rodríguez, son cousas distintas o que pide a moción e o seu argumentario. O de recoller alimentos está ben. Calquera empresa que faga un acto solidario, benvido sexa. A colaboración do Concello, sempre con transparencia.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di a Dna. Maribel García que lle sentan mal as cousas que fai o Alcalde e o equipo de goberno, pero iso non debe levala a manipular, para non quedar en evidencia. Parece que quere defender ao anterior Alcalde. Postos a dicir cousas, podo eu dicir outras. Organizou o Concello e colaborou Panorama de forma gratuíta. O Alcalde dá unha conferencia de prensa con quen cre conveniente. Tampouco vostede é unha irmanciña da caridade, ten moi mala idea. Se quixese informarse de verdade, miraría as actas da Xunta de Goberno. O Concello só gastou nun xerador e nun toldo para alimentos, o que é unha factura de 3.500 euros. O valor dos alimentos recollidos, segundo o mercado, aproxímase aos 10.000 euros. En todo caso, pagou a pena. Nós non temos imaxe que limpar. O que teña que limpar vostede é cousa súa. Fala de prevaricar, non sei se cre que Severino Rodríguez necesita que traía isto aquí. Non imos entrar nisto, porque non queremos entrar noutras cousas posibles. A realidade é que organizou o Concello e que a orquestra Panorama foi colaborador gratuíta. Na reunión con Cáritas e Cruz Vermella, estaban de acordo. O que pide é o que xa se fixo.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que non está a lavar a imaxe de ninguén, tampouco do anterior Alcalde. Parece que lle sentou mal, cando fala doutra cousa. Pasou por alto “que unha empresa intente facer estas cousas é absolutamente normal, xa non vemos coa mesma normalidade que o Alcalde coñecedor destes feitos se preste e abra as portas do Concello”. Non teño que dubidar da reunión. Non hai máis que Cáritas e Cruz Vermella? Sácase a relucir o que fixo pupa, eu falei de moitas cousas. Teño visto cousas con máis mala idea.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que a favor por estar de acordo cos dous puntos.

(Dna. Julia Rodríguez Barreira renuncia á segunda quenda).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que se o acto foi do Concello coa colaboración da orquestra, iso incide no que dixeran da transparencia, que se saiba como son as cousas.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que lle di a Dna. Maribel García que é debater o que non se sabe. Hai acusacións gravísimas, isto é un libelo difamatorio. É vostede consciente? É unha grave irresponsabilidade. Chantaxear, amañar concurso, prevaricar, hai denuncia? Pode probar o que di? Nun estado de dereito non se pode imputar algo impunemente. Se pode probalo, vaia denunciálo. Igual ten que prepararse para demostrar o que di.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que todo isto foi publicado, saíu na prensa. Sácoo de todo o que teño escoitado. Son feitos denunciados dende este Concello.

Do Sr. Alcalde, que lle di á proponente da moción que comete un tremendo erro co que di do Alcalde coñecedor destes feitos. Se o Alcalde anterior meteu a pata, que a saque. Eu abro as portas do Concello a todo o mundo, non son sectario. Sentoulle mal que a Panorama comigo tocouse en Monforte, pode que non sexa a última vez. Deus me libre se tivese feito a foto, non a fixemos, o sentido era outra cousa.

B) Outra MOCIÓN, DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA QUE O CONCELLO PRESIONE A ABANCA PARA MANTER ABERTA A OFICINA DA ESTACIÓN, presentada máis recentemente, xa non foi sometida a urxencia polo Alcalde, por ser máis das doce da noite, tendo en conta o que o di o ROF sobre rematar a sesión no mesmo día, aínda que si se proseguirá para tratar os rogos e preguntas.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

13. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 25.10.2018, de 06.11.2018 (dúas) e de 12.11.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

14. DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO 3º TRIMESTRE DE 2018 E OUTRA INFORMACIÓN DE COMUNICACIÓN OBRIGATORIA AO MINHAC.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 3º trimestre de 2018, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

15. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGO DO 3º TRIMESTRE DE 2018.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2018, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 3,86.

16. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DE TESOURERÍA SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DE 2018.

A efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto.4 da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 3º trimestre de 2018:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

17. ROGOS E PREGUNTAS.

1º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PENDENTE DO PLENO ANTERIOR.

PREGUNTA SOBRE OS DANOS NO CASTRO E NAS VÍAS MUNICIPAIS DE CHAVAGA.

(Durante esta pregunta, auséntase e reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez).

(Figura a pregunta no Pleno anterior. Reprodúcense as cuestión concretas)

“-Xa que tiveron coñecemento dos danos que estaban a producirse no castro e nas pistas municipais de Chavaga. Porqué non actuaron para deter esas actuacións?”

-Qué medidas teñen tomado dende o equipo de goberno para reclamar a reparación dos danos ocasionados no castro e nas vías municipais de Chavaga?

-Qué medidas pensan tomar para evitar que danos desta natureza volvan a repetirse?”

Resposta do Concelleiro de Servizos, D. José Luis Losada Fernández:

Están acostumbrados a afirmacións moi á lixeira. Nós non tivemos coñecemento diso. Fixemos actuacións propias e arranxos con cargo aos madeiros. Deben dirixirse á Xunta, para que legisle sobre a saca de madeira, segundo lle pediu a Fegamp.

2º.- PREGUNTA E ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE REXISTRADOS DE ENTRADA O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2018. Formúlaos a portavoz de Grupo, Dna. Maribel García Díaz (no rogo, fai tamén referencia ao Parque da Florida).

A) PREGUNTA SOBRE UN ESTUDO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS.

“Exposición de motivos

Co gallo dos presupostos para 2018, vostede comprometeuse e comprometeu unha partida para levar a cabo un estudo de prevención de incendios, franxas aconsellables e material preciso.

Estamos diante do presuposto de 2019 e non se nos ten comunicado nada do feito co compromiso anterior.

Por iso lle preguntamos:

- 1) Que fixo este equipo de goberno co compromiso adquirido con nós?
- 2) Está feito o estudo comprometido?
- 3) Se se fixo, por qué non se nos informou?
- 4) Se non está feito, cal é a causa?”

Resposta do Sr. Alcalde:

Nós cumprimos os nosos compromisos. O importante é limitar as franxas secundarias. Hai un convenio coa Fegamp e coa Consellería de Medio Rural, por un total de 30 millóns de euros, sendo a achega municipal dende o Fondo de Compensación. Os traballos será realizados por Tragsa, empresa pública. Non imos gastar 20.000 euros de diñeiro público municipal, se pode ser outra entidade quen o faga. O convenio coa Fegamp está publicado e tamén está nas actas da Xunta de Goberno Local.

B) ROGO PARA SOLICITAR O ARRANXO E MELLORA DA ILUMINACIÓN DO PARQUE DO DOUTOR LÓPEZ SUÁREZ E A SÚA PISTA DEPORTIVA.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de novembro foi un día importante para a infancia: se celebra o Día Universal da Infancia dende 1954. Tamén se celebra ese día o aniversario da adopción da Declaración Universal dos Dereitos do Neno, en 1959. E ademáis é o día en que se aprobou a Convención dos Dereitos do Neno, en 1989, sendo este o máis universal dos tratados internacionais, e que precisamente no seu artigo 31 recoñece o *“dereito do neno/a ao descanso e ao lecer, ao xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade, e a participar libremente na vida cultural e nas artes”*.

Temos que felicitar ao Concello en primeiro lugar, pois recentemente foi anunciado que 4 dos parques infantís da nosa vila, contarán proximamente con xogos adaptado, o que previrá exclusións e favorecerá a integracións dos nenos/as con diversidade funcional. Dende o noso grupo municipal non podemos máis que aplaudir por esta medida e animalos a que sigan traballando nesta liña.

Sen embargo non todo é tan positivo no que ao estado dos parques infantís se refire, pois temos constancia (e as fotos que incluimos así o amosan) que no parque do Doutor López Suárez levan tempo nunha situación de total escuridade, especialmente dende que se produciu o cambio horario. Non

entendemos como un parque infantil pode estar totalmente a escuras un día calquera ás 18:30h, hora na que moitos nenos/as adoitan acudir ao parque despois de facer as tarefas escolares. As luces da pista polideportiva, se ben funcionan, son claramente insuficientes, e a TOTALIDADE das farolas que deberían iluminar a zona de xogos infantís ou ben están avariadas, ou non se encenden, deixando esa zona na máis absoluta penumbra.

POR TODO ISTO ROGAMOS

Que se mellore a iluminación do parque do Doutor López Suárez, ampliando o número de luminarias da pista polideportiva e a súa potencia, e arranxando ou encendendo (según proceda) as farolas da zona verde e de xogos.” (Achéganse co rogo cinco fotografías tomadas 12 de novembro ás 18:45 h. da tarde).

Resposta do Sr. Alcalde:

Sobre este asunto, xa trouxo o BNG rogos e preguntas, xa houbo resposta neste Pleno, xa se dixo que hai un proxecto a executar con fondos municipais e axuda externa; cando esta estea confirmada, farase, arranxarase isto. O Parque da Florida está sen recibir por unha débeda con Fenosa, formalmente aínda é da Xunta de Galicia.

3º.- PREGUNTA E ROGOS DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO REXISTRADOS DE ENTRADA O DÍA 23 DE NOVIEMBRE DE 2018. Formúlaos o portavoz de Grupo, D. Emilio José Sánchez Iglesias.

A) PREGUNTA RELATIVA AO AMPLIAMENTO DO APARCADOIRO DO HOSPITAL.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No pasado pleno do mes de marzo este grupo político presentou unha iniciativa para a creación de novas prazas de aparcadoiro no entorno do hospital, a cal foi aprobada por esta cámara

PREGUNTA:

Que xestións se teñen feito para que este proxecto se leve a cabo?”

Resposta do Sr. Alcalde:

O acordo –como se adoita facer dende Secretaría cos acordos do Pleno- foi trasladado ao Sergas, que, de momento, non contestou.

B) ROGO RELATIVO AO ARRANXO DUN TRAMO DO CAMIÑO DA AGRA.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O camiño da Agra, a aproximadamente 150m do cruce coa rúa Ramón Cabanillas, presenta unha bifurcación por mor da canle de regadío, pasando a desdoblarse para que veciños desta zona poidan

entrar nas súas fincas. O asfaltado deste tramo pola parte de abaixo da canle está totalmente deteriorado, xa que presenta unhas fochancas de grandes dimensións, estas son producidas, ademais de polo uso, por mor das diversas roturas da canle, que en época de regadío inundan o camiño, por isto presentamos a seguinte:

SOLICITUDE:

Que o Goberno Municipal realice un arranxo neste tramo do camiño da Agra, para facilitar o tránsito dos veciños que o empregan.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Como vostede di, está en mal estado a canle de regadío. Haberá que mirar, que o Concelleiro de Servizos tome nota deste asunto e ver se se pode incluír nun proxecto.

C) ROGO RELATIVO Á RECOLLIDA DE LIXO QUE AFECTA ÁS EMPRESAS SITUADAS NA PERIFERIA.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

É por todos sabido que as empresas desta cidade están obrigadas a pagar unha taxa de recollida de lixo como actividade industrial e en función do lixo que xeren. As empresas situadas na periferia da cidade, estrada da Vide, rúa de Chantada, zona do Castelo etc, existe unha descompensación entre o que pagan e o servizo que se lle presta, o problema vén dado porque nalgúns casos os contedores só son baleirados dúas veces á semana e noutros o número destes é insuficiente, xa que non teñen a suficiente capacidade, por isto presentamos a seguinte :

SOLICITUDE:

Que o Goberno Municipal tome as medidas oportunas para o arranxo deste problema, as cales poderían ser a dotación dun maior número de contedores ou que os xa existentes sexan substituídos por outros de maior tamaño.”

Resposta do Sr. Alcalde:

As empresas e os particulares pagan a taxa do lixo non só en Monforte. Ás veces, hai unha situación alegal das empresas. No contrato, en 2010, fixouse a periodicidade de recollida e o tamaño dos contedores. Podemos tomar nota e preguntar á empresa, pero está o contrato.

D) ROGO RELATIVO Ó ARRANXO DA VÍA QUE UNE A VIDE COA ANTIGA N-120

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A vía que une a estrada da Vide coa antiga estrada N-120 atópase nun total estado de deterioro, presentando un gran número de fochancas e un notable mal estado no pavimento, esta é unha estrada con bastante tránsito, empregada a cotío por veciños que residen nela e outros usuarios que a empregan

con frecuencia servindo esta como unha circunvalación exterior. Ademais esta vía é frecuentemente empregada para realizar actividades de deporte, tales como andainas, running etc. Este sería un momento moi axeitado para levar a cabo o seu arranxo posto que en breve se procederá á reparación da vía que une a N-120 coa ponte de Piñeira. Por isto presentamos a seguinte:

SOLICITUDE:

Que o Goberno Municipal proceda ao arranxo da vía que une a Vide coa antiga N-120 e acondicione as beirarrúas de xeito que non sexan un perigo para os viandantes.”

Resposta do Sr. Alcalde:

Fomos comprobar o estado desta pista, tralo que nos dixo unha persoa nunha reunión habida. Nós non o vimos, hai fochancas sen tapar, cinco ou seis, pero non o que se di. Non é esta unha pista para dotala de beirarrúas. Xa me chaman o do asfalto, non me pida aínda máis.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e trinta e sete minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,